

**ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 04 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Rectificación dos erros detectados no Prego de Cláusulas Administrativas que ha de rexer a contratación da “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, que foi publicado o 1/04/2024 na Plataforma de Contratación do Sector Público <https://contrataciondelestado.es>.(Expte.: 2024 CO142-003).**

Con data 01/04/2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público <https://contrataciondelestado.es>, o anuncio de licitación do expediente 2024/CO142-003 para a contratación por procedemento aberto simplificado das obras de “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”.

Con posterioridade ao día de publicación e con carácter previo á finalización do prazo de presentación de ofertas, advírtese erro no Prego de Cláusulas Administrativas, posto de manifesto por consulta efectuada en data 02/04/2024 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

De conformidade coa Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

*“Artigo 77. Esixencia e efectos da clasificación.*

*1. A clasificación dos empresarios como contratistas de obras ou como contratistas de servizos dos poderes adxudicadores será esixible e producirá efectos para a acreditación da súa solvencia para contratar nos seguintes casos e termos:*

*a) Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras dos poderes adxudicadores. Para ditos contratos, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á esixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.*

*Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, e que será recollido nos pregos do contrato, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024SE001-043</b>
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40	Fecha: 27/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ó contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretaran os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme os criterios, requisitos e medios recollidos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que ó respecto dos mesmos fora omitido ou non concretado nos pregos.”

No caso que nos ocupa, a clasificación non é esixible, posto que o valor estimado do contrato é inferior a 500.000 euros. Así, atopámonos no suposto recollido pola lei para cando a clasificación non é preceptiva, é dicir, cando os licitadores poderán utilizala para poder acreditar a solvencia.

Neste suposto, se ben non é obrigatoria, a lei permite que aqueles licitadores que estean en posesión da clasificación no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, poidan acreditar a súa solvencia a través da mesma.

Para a obra en cuestión, no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, establécese a seguinte clasificación para que as empresas que a posúan poidan acreditar a través deste medio a súa solvencia:

<b>Grupo</b>	<b>Subgrupo</b>	<b>Categoría</b>
A	1	2
E	1	2
G	6	2
I	1	2
I	6	2
I	9	2
K	3	2”

O artigo 79 da Lei de Contratos dispón o seguinte:

“5. Naquelas obras cuxa natureza se corresponda con algúns dos tipos establecidos como subgrupo e non presenten singularidades diferentes ás normais e xerais á súa clase, esixirase só a clasificación no subgrupo xenérico correspondente.

Cando no caso anterior, as obras presenten singularidades non normais ou xerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obra correspondentes

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024SE001-043
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40	Fecha: 27/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700



a outros subgrupos diferentes do principal, a esixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

a) O número de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.

b) O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á esixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ó 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais, que deberán acreditarse razoadamente nos pregos.”

De conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, nas obras cuxa natureza se corresponda con algúns dos tipos establecidos como subgrupo e non presenten singularidades diferentes, esixirase só a clasificación no subgrupo xenérico correspondente.

Para poder esixir outros subgrupos diferentes do principal, cada un destes subgrupos, é necesario que a súa entidade económica supere o 20% do total da obra. De aí, que o límite máximo sexa de catro subgrupos, con carácter xeral.

De acordo co disposto no artigo 79 da Lei de Contratos o establecido no apartado 8 do Prego de Cláusulas Administrativas trátase dun erro. Dado que dito erro puidera ocasionar unha limitación á concorrencia faise preciso volver a iniciar o cómputo do prazo, por outro lado, é de interese público continuar co procedemento, unha vez solucionados ditos erros.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

É de aplicación o artigo 136 da Lei de Contratos do Sector Público que contempla a posibilidade de rectificar os Pregos, se ben sempre que dita rectificación faga referencia a erros materiais, de feito ou aritméticos. Así o citado artigo establece:

*“Os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación das ofertas e solicitudes de participación, así mesmo, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación, sen prexuízo do sinalado nos artigos 122.1 y 124”.*

Atendendo ao citado artigo, a Lei permite ao Órgano de Contratación rectificar os pregos unha vez publicados, sempre e cando as rectificacións sexan baseadas en erros materiais, de feito ou aritméticos.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que dispoñen o seguinte: *“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-043          Fecha: 27/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700



Así mesmo, o artigo 75, parágrafo segundo, do RGLCAP, dispón que calquera aclaración ou rectificación dos anuncios de contratos será a cargo do órgano de contratación e farase pública en igual forma que estes, debendo computarse, no seu caso, a partir do novo anuncio, o prazo establecido para la presentación de proposicións.

Tendo en conta a fase na que se atopa o procedemento e non habendo presentado ningunha empresa as súas proposicións. A posibilidade de introducir rectificacións de erros ou aclaracións admitiuse tanto polos Tribunais como por órganos administrativos diversos.

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais sintetiza a súa doutrina sobre esta cuestión nas resolucións 30/2014 e 245/2016, nesta última recollese a Xurisprudencia do Tribunal Supremo, a cal acouta restritivamente a figura da rectificación de erros, identificándoa con *“aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipóteses ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si sos, sen que sexa preciso acudir a ulteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”*.

Sobre a posibilidade de realizar tales rectificacións, cabe tamén destacar a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, resolución número **643/2016. Rectificación dos pregos: transparencia e publicidade**, na que o citado Tribunal permite rectificar os pregos, se ben esixíndose que a versión rectificadora reciba, ao menos a mesma publicidade, se inclúa unha advertencia de que se produciu unha rectificación e se establezan novos prazos para a presentación de proposicións. Neste sentido, o Tribunal afirma: *“A certeza e transparencia esixibles no proceso de contratación e a propia igualdade dos licitadores require loxicamente que a versión rectificadora dos pregos reciba alo menos a mesma publicidade que os pregos da versión incorrectamente publicada, o que inclúe, non so a publicación da modificación nos pregos no Perfil do contratante, senón tamén a advertencia de que se produciu a rectificación polo mesmo medio de remisión a ela que conteña a convocatoria orixinaria. As fontes inmediatas de coñecemento dos pregos poden ser as mesmas tras a rectificación, pero é un feito incontrovertido que a versión incorrecta dos pregos estivo publicada e accesible durante o tempo hábil para a preparación e presentación de ofertas, polo que non pode asegurarse que os terceiros interesados houberan tido acceso en condicións de igualdade á versión correcta e é necesario que dita versión rectificadora se publique nun nivel equiparable alo menos ao da convocatoria mesma, o que no caso requirirá advertir da súa existencia en anuncios iguais aos da convocatoria, aínda cando os pregos rectificadores continúen publicándose exclusivamente en el Perfil del contratante”*.

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-043          Fecha: 27/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------



No mesmo sentido, a Resolución nº 30/2014, de 17 de xaneiro, que cita a recente Resolución nº 245/2016, de 8 de abril, analizaba unha modificación do prego producida cando o procedemento de licitación se atopaba nunha fase de tramitación inicial na que unicamente se había procedido á publicación dos preceptivos anuncios, e, a tal respecto, se indicaba o seguinte: “A recorrente estima que na modificación dos Pregos producida (...) vulnerouse o principio de inalterabilidade dos pregos que se reflexa nos artigos 115, 116 e 142 do TRLCSP, particularmente, considerando que nestes preceptos se prevén trámites respecto dos cales a modificación do prego non foi considerada, solicitando así a nulidade dos pregos. **O Tribunal considera que dito argumento non resulta atendible, pois cando o órgano de contratación entendeu que procedía a rectificación dos pregos e anuncios para incluír eses requirimentos, o procedemento de licitación atopábase nunha fase de tramitación inicial na que unicamente se procedera á publicación dos preceptivos anuncios, sendo así que, en aras dos principios de economía procedemental e de celeridade, nada impide acordar unha rectificación dos pregos e dar publicidade a dita modificación con novos anuncios nos que se establezan novos prazos para a presentación de proposicións e a correlativa modificación das datas de apertura pública das ofertas. Dita actuación resulta plenamente garantista cos dereitos dos licitadores e consegue un resultado idéntico ao que se houbera alcanzado coa anulación do procedemento e a iniciación doutro posterior.** É máis, o artigo 155.4 del TRLCSP supedita o desistimento do procedemento polo órgano de contratación á circunstancia de que conorra unha infracción “non subsanable” das normas de preparación do contrato ou das que regulan o procedemento de adxudicación.

Nos supostos que se examinan, a subsanación era posible de conformidade co disposto no artigo 75, parágrafo segundo, do RGLCAP, no que se dispón que calquera aclaración ou rectificación dos anuncios de contratos será a cargo do órgano de contratación e farase pública en igual forma que estes, debendo computarse, no seu caso, a partir do novo anuncio, o prazo establecido para a presentación de proposicións (...).”

En atención ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 20/06/2023, por unanimidade ACORDA:

**Primero.-** Rectificar os erros detectados no Prego de Cláusulas Administrativas que ha de rexeir a contratación da “Humanización de vías en Pedreiras. Fase III”, en concreto, do modo seguinte:

**No Prego de Cláusulas Administrativas:**

**Na cláusula 8) Clasificación do contratista:**

Onde di:

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-043          Fecha: 27/03/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700



“Segundo o previsto no artigo 77.1 a) LCSP, a clasificación dos empresarios como contratistas de obras será esixible e producirá efectos para a acreditación da súa solvencia para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros.

Polo tanto, para concorrer á presente licitación non é esixible a clasificación do empresario. Non obstante, poderá empregarse a clasificación do empresario como contratista de obras no/s grupo/s e subgrupo/s que se indican a continuación, con categoría igual ou superior á mesma, como medio de acreditar a súa solvencia.

<b>Grupo</b>	<b>Subgrupo</b>	<b>Categoría</b>
A	1	2
E	1	2
G	6	2
I	1	2
I	6	2
I	9	2
K	3	2”

Debe dicir:

“Segundo o previsto no artigo 77.1 a) LCSP, a clasificación dos empresarios como contratistas de obras será esixible e producirá efectos para a acreditación da súa solvencia para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros.

Polo tanto, para concorrer á presente licitación non é esixible a clasificación do empresario. Non obstante, poderá empregarse a clasificación do empresario como contratista de obras no/s grupo/s e subgrupo/s que se indican a continuación, con categoría igual ou superior á mesma, como medio de acreditar a súa solvencia.

<b>Grupo</b>	<b>Subgrupo</b>	<b>Categoría</b>
G	6	1”

**Segundo.-** Publicar no Perfil do Contratante do Concello de Marín, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a rectificación do “Prego de Cláusulas Administrativas” do expediente administrativo anteriormente referenciado.

**Terceiro.-** Ampliar o prazo de presentación de ofertas polo prazo xa transcorrido desde a publicación inicial, no momento de publicación da rectificación, co obxectivo de garantir os principios de igualdade, concorrencia, publicidade e transparencia.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024SE001-043
	ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40	Fecha: 27/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700



E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e praxe,  
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E80013175100H1R4N3Y2F700

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013175100H1R4N3Y2F700 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 04/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/04/2024 16:50:40</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-043 Fecha: 27/03/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------

